



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 30 DE XULLO DE 2020**

**HORA:** 20.30 h

**PERSOAS ASISTENTES:**

**PRESIDENTA:**

María Inés Monteagudo Romero (PP)

**CONCELLEIROS/AS:**

D. José Vázquez Rama (PP)

D<sup>a</sup> María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez (PP)

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño (PSOE)

D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D<sup>a</sup> María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. José Manuel Quintela Fernández (CxG)

D<sup>a</sup> María Lago Lestón (BNG)

D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo (BNG)

Non asiste, pero xustifica a súa ausencia, D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)

Asiste o interventor, Fernando V. Abraldes Rois

**SECRETARIO ACCIDENTAL**

D. José Manuel Mayo Priegue

No salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da corporación, asistidos/as por min, o secretario accidental do Concello, que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:

Comeza a alcaldesa informado ás persoas presentes que hai dous casos de COVID no Concello de Muros, que non é un foco local, senón de xente que vén de fóra, que están identificados, controlados e seguindo o

---

**Concello de Muros**

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

protocolo existente, polo que considera de interese xeral dar esta comunicación, tendo o consentimento das persoas afectadas.

## ORDE DO DÍA

### A. Parte dispositiva

#### **Primeiro.- Aprobación da acta da sesión ordinaria do 25 de xuño de 2020.**

A Sra. alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, procede a preguntar aos membros da corporación se teñen algunha observación que engadir con respecto á acta que se presenta para a súa aprobación. A Sra. Lago comenta que hai dous erros na acta, na segunda páxina a orde dos apelidos da concelleira do BNG Paula Simal Mayo, e na páxina oito, na segunda intervención da Sra. Lago, falta incorporar o texto “que o importe é de máis de 40.000 €” que dá lugar a que se entenda mellor a súa frase.

Requiridos/as á votación, apróbbase coa abstención de María del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE), por non asistir a esa sesión, e o voto a favor do resto dos/as concelleiros/as asistentes.

#### **Segundo. Apoio á ACD Esteirana de Carrilanas na solicitude de declaración de Festa de interese turístico nacional o Gran Prix de Carrilanas de Esteiro.**

Intervén a Sra. alcaldesa para indicar que os membros de ACD Esteirana de Carrilanas manifestaron o seu interese de estar presentes durante o Pleno, pero a normativa sobre o COVID-19 fixoo imposible polo aforamento do local, comézaa a ler:

*“As Carrilanas de Esteiro, declarada Festa de interese turístico galego no ano 2000 por Resolución do 2 de maio de 2000 da Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo, publicada no DOG núm. 96 de 19 de maio de 2000, xurde no ano 1988 dunha conversa informal entre a veciñanza, coa intención de devolverlle o seu esplendor as festas patronais da parroquia Santa Mariña de Esteiro.*

*Foi tal a repercusión do evento que fixo que ano tras ano o terceiro fin de semana de xullo coincidindo con Santa Mariña, se celebra o Gran Prix de Carrilanas de Esteiro, atraendo á vila miles de persoas coa intención de gozar dun acontecemento único, sendo por tanto un evento lúdico-cultural de gran repercusión na actualidade.*

*Este deporte remóntase ás primeiras décadas do século XX cando os nenos e nenas non dispuñan apenas de xoguetes cos que pasar o tempo, foi entón cando facendo uso da inventiva se comezaron a construír as primeiras carrilanas, con táboas ou calquera tipo de madeira, coas rodas tamén de madeira recubertas con gomas, creándose deste xeito uns vehículos con aparencia de bólidos cos que se precipitaban polas costas abaixo.*

*Deste xeito a que fora unha das principais diversións dos nenos da posguerra, adquire a categoría de “deporte de inercia”, máis son enxeños nos que a velocidade non é o único que importa, as innovacións mecánicas e os acabados froito da imaxinación imperan por riba do espírito de competición.*

*Cando se fala de carrilanas hai que falar de madeira e máis de Esteiro. Eses dous nomes xuntos lévanos aos carpinteiros esteiráns, verdadeiros inspiradores deste acontecemento lúdico e espectacular.*

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*Xa dende o seu inicio no ano 1988, as Carrilanas de Esteiro contaron coa implicación da veciñanza, tendo o privilexio de contar cos carpinteiros, carpinteiros de ribeira e ebanistas da contorna. O que todos tiñan claro é que os vehículos ían ser de madeira, incluídas as rodas..*

*A Asociación C.D. Esteirana de Carrilanas ten previsto solicitar a declaración de Festa de interese turístico nacional o Gran Prix de Carrilanas de Esteiro polo que solicitou o acordo do Pleno do Concello de Muros para este fin.”*

En base a todo isto,

Propoño ao Pleno da Corporación:

Primeiro.- Apoiar á Asociación C.D Esteirana de Carrilanas na solicitude de declaración de Festa de interese turístico nacional o Gran Prix de Carrilanas de Esteiro de acordo co establecido no artigo 8 da Orde ICT/851/2019, de 25 de xullo, publicado no BOE (núm.188, de 7 de agosto de 2019 de declaración de festa de interese turístico nacional e internacional).”

Segundo.- Notificar este acordo á Asociación C.D. Esteirana de Carrilanas aos efectos oportunos.

**PRIMEIRA INTERVENCIÓN:**

Sra. González reafirmase na súa postura da Comisión informativa que ían a votar a favor da proposta porque todo o que sexa un escaparate para o Concello de Muros como é o Gran Prix de Carrilanas e outros eventos que hai no municipio, debe de apoiarse e considera importante a solicitude desta declaración. O PSOE sempre apoiou ás carrilanas de Esteiro e co seu goberno fíxose un grande esforzo e adaptouse o local e a sede que teñen actualmente de exposicións e de reunións.

Sra. Alfonso comenta o que significa as carrilanas para todo o veciñanza de Esteiro e a súa repercusión no Concello de Muros e na comarca, xustifica sobradamente o apoio que lle deben dar de toda a corporación nesta declaración, e que levan tempo pelexando por este recoñecemento e que o teñen máis que merecido, tanto a asociación, como a festa en si, e o que fixo cada un, creo que todos e todas o sabemos.

A Sra. Lago di que para saber a importancia desta festa, hai que vivila, non chega con observala, senón que hai que meterse na pel do pobo que agarda polo terceiro fin de semana de xullo durante todo o ano.

Dende o BNG queremos dar os parabéns á Asociación C.D. Esteirana de Carrilanas e a toda a súa directiva, aos que comezaron e aos que colleron a testemuña desta festa facendo fronte ás adversidades e fixeron deste evento unha data ineludible no calendario do noso concello, demostrando todos estes anos o bo facer. Cónstanos que para moitos eventos toman os plans da organización das carrilanas como exemplo e neste último ano foron moitos organismos que así o fixeron constar.

Este ano non puideron coller a curva do Barqueiro ao volante dun dos bólidos de *Gerente* nin ver cumprido o proxecto “*Sentir a Carrilana*” que tanto agardaban, pero que isto sirva para coller pulo e volver con máis forza e máis ganas para o ano. Que non decaia o espírito. Debemos recoñecerlle ao Gran Prix a importancia que ten para a vida cultural do noso concello, e por iso estamos na obriga de apoialos neste recoñecemento e que os únicos paos que se poñan nas rodas sexan os que aguantan a carrilana antes de dar a saída.

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

A alcaldesa comenta que saben do seu bo facer, tamén cre que é importante facer un recoñecemento a *Gerente*, que nestes intres non vai a ser moi consciente, pero foi unha das almas do gran prix. O seu traballo vese en cada detalle de cada unha das carrilanas que se mostran en exhibición e na carreira desta festa e esperan que as circunstancias que impediron que este ano se celebrara esta festa desaparezan canto antes para que esta festa recupere todo o seu esplendor.

### SEGUNDA INTERVENCIÓN

Non hai ningunha intervención.

### VOTACIÓN

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, o Pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Apoiar á ACD Esteirana de Carrilanas na solicitude de declaración de Festa de interese turístico nacional o Gran Prix de Carrilanas de Esteiro de acordo co establecido no artigo 8 da Orde ICT/851/2019, de 25 de xullo, publicado no BOE (núm.188, de 7 de agosto de 2019 de declaración de festa de interese turístico nacional e internacional).

Segundo.- Notificar este acordo á ACD Esteirana de Carrilanas aos efectos oportunos.

### Terceiro. Aprobación inicial da Ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de Muros.

Intervén a alcaldesa para informar que esa proposta vén co ditame favorable da comisión que literalmente di:

#### “PROPOSTA DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

*PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de Muros coa redacción que a continuación se transcribe:*

#### ORDENANZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE MUROS

##### Artigo 1. Fundamento e obxecto.

*1. No uso das facultades conferidas polos artigos 2.1.e) e 127 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Muros poderá establecer e esixir prezos públicos, que se regularán polo disposto nos artigos 41 a 47 do citado texto refundido, pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e polo preceptuado na presente ordenanza.*

*2. O obxecto da presente ordenanza é desenvolver a normativa xeral e establecer o ámbito e o procedemento de establecemento e esixencia de prezos públicos no Concello de Muros, de acordo coas disposicións que resultan de aplicación.*

##### Artigo 2. Concepto.

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

1. *Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal, sempre que concorran as dúas circunstancias seguintes:*

a. *Que os servizos ou as actividades sexan de solicitude ou de recepción voluntaria por parte dos administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude ou recepción por parte dos solicitantes ou receptores cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou cando os bens, servizos ou actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante ou receptor.*

b. *Que os servizos ou as actividades se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte á normativa vixente.*

2. *Para estes efectos terán a dita consideración as contraprestacións pecuniarias que estableza a entidade local pola comercialización de bens ou produtos, cando concorran as circunstancias citadas.*

3. *Non poderán esixirse prezos públicos polos seguintes servizos e actividades:*

a. *Abastecemento de auga en fontes públicas.*

b. *Alumeado de vías públicas.*

c. *Vixilancia pública en xeral.*

d. *Protección civil.*

e. *Limpeza da vía pública.*

f. *Ensino nos niveis de educación obrigatoria.*

4. *Poderán dar lugar á esixencia de prezos públicos, sempre e cando concorran as circunstancias previstas no apartado 1 deste artigo, as prestacións seguintes:*

a. *Entradas en teatros, espectáculos, museos, eventos e exposicións.*

b. *Inscricións e/ou participación en cursos, talleres, xornadas, seminarios e actividades organizadas polo Concello de Muros.*

c. *Actividades socioculturais, educativas, deportivas e de lecer.*

d. *Servizos sociosanitarios e servizos sociais.*

e. *Utilización de bens ou instalacións municipais non integrados no dominio público local.*

f. *Servizos de difusión publicitaria en calquera medio de divulgación municipal.*

g. *Comercialización de bens ou produtos.*

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*h. En xeral, calquera servizo, actividade ou prestación de solicitude e recepción voluntaria para os administrados que se realice en concorrencia co sector privado.*

*Artigo 3. Obrigados ao pagamento.*

- 1. Estarán obrigados ao pagamento dos prezos públicos os que se beneficien dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.*
- 2. A estes efectos consideraranse beneficiarios e, en consecuencia, obrigados ao pagamento, os solicitantes do servizo, actividade ou prestación pola cal sexan esixidos prezos públicos.*
- 3. No caso de que os beneficiarios sexan menores de idade e/ou incapacitados, considerarase suxeito obrigado ao pagamento aos pais/nais ou titores/as.*

*Artigo 4. Obriga de pagamento.*

- 1. A obriga de pagamento dos prezos públicos nace desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.*
- 2. No suposto de comercialización de bens ou produtos a obriga de pagamento nace no momento da entrega da prestación.*
- 3. Poderá esixirse o depósito previo do importe dos prezos públicos, na forma e prazo que fixe o acordo de establecemento ou modificación do prezo público, como requisito previo para a prestación do servizo ou realización da actividade.*
- 4. Cando exista discrepancia entre a contía do depósito previo e a obriga de pagamento, a cantidade ingresada en concepto de depósito previo considerarase entrega a conta da obriga definitiva, reintegrándose o esixíndose a diferenza, segundo proceda.*

*Artigo 5. Contía.*

- 1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir, como mínimo, o custe do servizo prestado ou da actividade desenvolvida.*
- 2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberá consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.*
- 3. Entenderase, salvo mención en contrario no acordo concreto de fixación do prezo e nos documentos acreditativos do pagamento, que a tarifa sinalada non inclúe a cota do Imposto sobre o Valor Engadido que, de ser o caso, deba repercutirse sobre a dita tarifa. En consecuencia, o tipo de IVE aplicable, de ser o caso, e a cota resultante deberán consignarse expresa e separadamente.*

*Artigo 6. Establecemento e fixación.*

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

1. A competencia para o establecemento, modificación e fixación da contía dos prezos públicos aos que se refire a presente ordenanza encoméndase á Xunta de Goberno Local, de conformidade coa facultade regulada no artigo 47.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e consonte ao disposto nos artigos 23.2.b), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e 65.2.b), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2. O establecemento realizarase a proposta da alcaldía ou da concellería delegada que proceda, debendo constar, como mínimo:

a. O concreto servizo ou actividade de aplicación, os supostos de feito dos que derive a obriga de pago e as contraprestacións pecuniarias esixibles por cada acto ou feito concreto, así como os aspectos singulares que foran precisos.

b. Unha memoria económico-financeira da que se deduza que o importe do prezo público cubre, como mínimo, o custe do servizo ou actividade ou, de ser o caso, a porcentaxe do mesmo que será asumido con cargo aos orzamentos municipais, con indicación da existencia de crédito a nivel de partida orzamentaria.

c. O importe da tarifa a que ascende o prezo público que se estableza.

d. A xustificación razoada das razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que, de ser o caso, aconsellen a fixación dos prezos públicos por debaixo do custe do servizo.

e. Informe da Intervención da Corporación que analice a fundamentación do importe dos prezos que se propoña, o grao de cobertura financeira dos respectivos custes económicos e as previsións orzamentarias oportunas en casos de importes por debaixo do custe da actividade ou servizo.

e. As normas específicas de xestión.

f. Entrada en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, salvo que o acordo de fixación do prezo público o fixe nun momento posterior.

3. O acordo de establecemento e fixación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Muros.

*Artigo 7. Procedemento de xestión.*

1. Nos acordos de establecemento, modificación ou fixación de prezos públicos, ao determinar o réxime de xestión, poderase prever a súa esixencia en réxime de autoliquidación en modelo normalizado, debendo neste caso concretar o prazo de ingreso.

2. Os prezos públicos de vindicación periódica poderán esixirse mediante domiciliación bancaria na conta designada ao efecto polo obrigado ao pagamento, logo da publicación do padrón correspondente no taboleiro de anuncios do Concello de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro,

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Neste caso, a baixa no censo de obrigados ao pagamento deberá comunicarse ao Concello nos prazos que se fixen no acordo de establecemento ou modificación do prezo público.*

*3. Na exacción de prezos públicos, os recargos e xuros de mora esixiranse e determinaranse nos mesmos casos, forma e contía que na exacción de tributos locais.*

*4. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.*

*Artigo 8. Devolución de ingresos.*

*1. Unicamente procederá a devolución do importe total ou parcial do prezo público ingresado, segundo determinan os apartados seguintes, cando o servizo ou actividade non se preste ou desenvolva por causas non imputables ao interesado.*

*2. O importe da devolución será parcial e proporcional ao tempo, intensidade ou factor determinante do grao de realización da prestación, ou ben total cando non tivese nacido a obriga de pagamento. Nos casos de prezos públicos de vindicación periódica, o importe poderá prorratearse pos días, meses ou trimestres naturais no momento de practicar a alta ou de producirse a baixa no servizo. En todo caso, o acordo de establecemento do prezo deberá indicar os motivos e procedemento de prorrateo.*

*3. En caso ningún procederase á devolución dos ingresos realizados cando a dita solicitude estea baseada na non asistencia do interesado por razóns alleas ao Concello de Muros. Tampouco procederá a devolución cando o obrigado ao pagamento non comunique ao Concello, de ser o caso, a baixa na actividade, servizo ou prestación, tomándose como data para a devolución á da presentación da dita comunicación.*

**DISPOSICIÓN FINAIS**

*Primeira. Para o non previsto na presente ordenanza estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e demais normativa que a complementa ou substitúa.”*

*Segunda. A presente ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno municipal consonte ao disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrará en vigor logo de publicarse o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo ao que refírense os artigos 70.2 e 65.2 do citado corpo legal, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”*

**SEGUNDO.** Someter esta ordenanza municipal á información pública e audiencia das persoas interesadas, coa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

---

**Concello de Muros**

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257





CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións ou suxestións no prazo mencionado, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva da Ordenanza, tácito ou expreso, publicarase xunto co texto íntegro da mesma para o coñecemento xeral no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación á definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

A Sra. alcaldesa comenta que é coñecido por todos e todas que dende o Concello se fan actividades e se prestan servizos polos que non se recibe prestación algunha ou esta é de forma irregular por non suxeitarse ao procedemento, o que constitúe, como di o señor interventor no seu informe, un déficit no financiamento.

A intención do goberno é regularizar estes ingresos e tamén intentar proceder á devolución destes ingresos indebidos polas persoas interesadas cando o servizo non se preste, cousa que non se pode facer na actualidade.

Delégase na Xunta de Goberno Local (XGL) a competencia para o establecemento, a cuantificación e fixación da contía dos prezos públicos, previo ditame da comisión informativa, polo que se fai esta proposta por unha cuestión de axilidade no procedemento e que precisa os informes correspondentes, sendo preciso esta actuación para despexar o camiño para a elaboración dos orzamentos municipais.

#### **PRIMEIRA INTERVENCIÓN**

A Sra. González di que lle parece moi ben a aprobación dunha ordenanza, porque se necesita para o establecemento duns prezos públicos para poder cobrar diversas prestacións de servizos, pero non están de acordo que se lle saque a competencia ao Pleno, xa que a aprobación dos prezos públicos é unha competencia do Pleno, sendo este un síntoma da democracia de que esta competencia siga sendo do Pleno. Non tiña inconveniente en votar a favor da ordenanza porque é precisa, pero non está de acordo en sacarlle esta competencia ao Pleno, sobre todo cando o goberno municipal está en minoría, xa que en caso contrario a situación sería menos gravosa, porque nestes intreos o goberno depende do Pleno para aprobar as ordenanzas.

A Sra. Alfonso quere primeiro facer unha pregunta, se os trinta días que fai referencia á disposición adicional segunda, son hábiles ou naturais? E coincide co PSOE que isto significa sacar una competencia do Pleno para delegala na XGL, isto significa que a aprobación dos prezos público se aprobarían sen contar co Pleno, polo que non está de acordo que se traspase esta competencia á XGL.

A Sra. Lago coincide cos dous grupos da oposición e consideran que esta é unha competencia que debe permanecer no Pleno. É interesante poñer orde no cobro de prezos pero non desta maneira.

A Sra. alcaldesa di que ata agora o Pleno non aprobou ningún prezo público, todos os que se están cobrando, aprobáronse, ou por Decreto ou polo XGL. Di que eles aseguran a garantía democrática mediante a participación dos grupos políticos na elaboración deste prezos a través da comisión informativa. Fixar os prezos públicos de diversas actividades que hai no concello ao longo do ano, no caso de ter que sometelas

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

todas ao Pleno vai supoñer un atranco, e pensa que está perfectamente garantida a participación da corporación, máis do que ata agora, xa que non hai ningunha participación na elaboración dos prezos, polo que solicita que reconsideren este apoio.

## SEGUNDA INTERVENCIÓN

A Sra. González considera que onde mellor está garantida a intervención dos grupos da oposición é no Pleno, mellor ca en calquera sitio. Aínda que se informe nunha comisión, se a última palabra a ten o grupo de goberno, non é democrático, xa que debe de garantirse a intervención da oposición e consideran que debe seguir sendo competencia do Pleno. Comenta que non se aprobou ningún prezo publico nas XGL, e de feito faise esta ordenanza porque no existía e é precisa.

Non pode ser un atranco levar asuntos ao Pleno, senón un dereito que temos todos os membros da corporación, debater no Pleno e ter intervencións nas decisións que se tomen. Non se debe de traer un prezo senón unha relación de prezos públicos para a súa aprobación porque non imos a celebrar un Pleno cada vez que teñamos que aprobar un prezo, pero iso non quere dicir que non sexa competencia do Pleno, porque máis adiante calquera outra competencia do Pleno, nola trae dicindo que é moi complicado traela. Non creo que sexa o momento de sacarlle competencias ao Pleno.

A Sra. Alfonso di que o goberno ten sorte de ter unha oposición que cando trae propostas racionais, as votan a favor, e non é certo que non aprobar agora esta proposta signifique que cada vez que haxa unha actividade teña que haber un Pleno para aprobar o prezo. Esta proposta pódese aproveitar para que cada vez que se queira aprobar un prezo público, como o da piscina, non facer un prezo único, senón facer unha relación de prezos públicos e en vez de facer unha memoria e un estudo económico para cada prezo, facelo para todos. Outra cuestión é que deste xeito a competencia para aprobar os prezos públicos será da XGL e os grupos da oposición non teñen voz nin voto na XGL, polo que non é verdade que vai haber participación dos grupos na aprobación dos prezos públicos, como moito, se o levan á comisión informativa e que nos informe, porque en ningún sitio da ordenanza fai referencia a que teña que ir á comisión informativa a aprobación destes prezos, polo que esta competencia do Pleno pasaría a ser exclusivamente da XGL nun goberno de minoría.

A Sra. Lago coincide cos grupos da oposición e di que é un mérito que poña de acordo aos tres grupos da oposición. O Pleno debería ser o órgano soberano e representa a pluralidade que hai na corporación, e vostede está nun goberno minoritario, ten a Alcaldía pero non o apoio preciso para conseguir todo o que queira do Pleno, e hai cousas que precisan o consenso e este conséguese no Pleno. Non é complicado facer un listado de prezos públicos e traelos.

A Sra. alcaldesa di que a piscina ten a súa propia ordenanza e xa ten os seus prezos establecidos, si que hai casos coma os cursiños das ANPAS que non están recollidos nesa ordenanza da piscina. A participación do Pleno está absolutamente garantida dende que traen esta ordenanza para aprobar, e é unha mágoa que estas cuestións non as formularan na comisión informativa, que son para debater e consensuar as cuestións que se traen ao Pleno, que para iso é, pero non as utilizan para o que son e de feito moita xente nin sequer asiste.

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

Rematadas as intervencións e sometido o asunto á votación, o Pleno da corporación co voto a favor do PP (4), a abstención do PSOE (4) e os votos en contra de CXG (2) e BNG (2), e co voto de calidade da presidenta, aproba a seguinte proposta:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de Muros coa redacción que a continuación se transcribe:

**“ORDENANZA XERAL DE PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE MUROS**

*Artigo 1. Fundamento e obxecto.*

1. No uso das facultades conferidas polos artigos 2.1.e) e 127 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Muros poderá establecer e esixir prezos públicos, que se regularán polo disposto nos artigos 41 a 47 do citado texto refundido, pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e polo preceptuado na presente ordenanza.

2. O obxecto da presente ordenanza é desenvolver a normativa xeral e establecer o ámbito e o procedemento de establecemento e esixencia de prezos públicos no Concello de Muros, de acordo coas disposicións que resultan de aplicación.

*Artigo 2. Concepto.*

1. Terán a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal, sempre que concorran as dúas circunstancias seguintes:

a. Que os servizos ou as actividades sexan de solicitude ou de recepción voluntaria por parte dos administrados. Para estes efectos non se considerará voluntaria a solicitude ou recepción por parte dos solicitantes ou receptores cando veña imposta por disposicións legais ou regulamentarias, ou cando os bens, servizos ou actividades requiridos sexan imprescindibles para a vida privada ou social do solicitante ou receptor.

b. Que os servizos ou as actividades se presten ou realicen polo sector privado, estea ou non establecida a súa reserva a favor do sector público consonte á normativa vixente.

2. Para estes efectos terán a dita consideración as contraprestacións pecuniarias que estableza a entidade local pola comercialización de bens ou produtos, cando concorran as circunstancias citadas.

3. Non poderán esixirse prezos públicos polos seguintes servizos e actividades:

a. Abastecemento de auga en fontes públicas.

b. Alumeado de vías públicas.

c. Vixilancia pública en xeral.

---

**Concello de Muros**

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*d. Protección civil.*

*e. Limpeza da vía pública.*

*f. Ensino nos niveis de educación obrigatoria.*

*4. Poderán dar lugar á esixencia de prezos públicos, sempre e cando concorran as circunstancias previstas no apartado 1 deste artigo, as prestacións seguintes:*

*a. Entradas en teatros, espectáculos, museos, eventos e exposicións.*

*b. Inscricións e/ou participación en cursos, talleres, xornadas, seminarios e actividades organizadas polo Concello de Muros.*

*c. Actividades socioculturais, educativas, deportivas e de lecer.*

*d. Servizos sociosanitarios e servizos sociais.*

*e. Utilización de bens ou instalacións municipais non integrados no dominio público local.*

*f. Servizos de difusión publicitaria en calquera medio de divulgación municipal.*

*g. Comercialización de bens ou produtos.*

*h. En xeral, calquera servizo, actividade ou prestación de solicitude e recepción voluntaria para os administrados que se realice en concorrencia co sector privado.*

*Artigo 3. Obrigados ao pagamento.*

*1. Estarán obrigados ao pagamento dos prezos públicos os que se beneficien dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles.*

*2. A estes efectos consideraranse beneficiarios e, en consecuencia, obrigados ao pagamento, os solicitantes do servizo, actividade ou prestación pola cal sexan esixidos prezos públicos.*

*3. No caso de que os beneficiarios sexan menores de idade e/ou incapacitados, considerarase suxeito obrigado ao pagamento aos pais/nais ou titores/as.*

*Artigo 4. Obriga de pagamento.*

*1. A obriga de pagamento dos prezos públicos nace desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.*

*2. No suposto de comercialización de bens ou produtos a obriga de pagamento nace no momento da entrega da prestación.*



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

3. Poderá esixirse o depósito previo do importe dos prezos públicos, na forma e prazo que fixe o acordo de establecemento ou modificación do prezo público, como requisito previo para a prestación do servizo ou realización da actividade.

4. Cando exista discrepancia entre a contía do depósito previo e a obriga de pagamento, a cantidade ingresada en concepto de depósito previo considerarase entrega a conta da obriga definitiva, reintegrándose o esixíndose a diferenza, segundo proceda.

Artigo 5. Contía.

1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir, como mínimo, o custe do servizo prestado ou da actividade desenvolvida.

2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberá consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

3. Entenderase, salvo mención en contrario no acordo concreto de fixación do prezo e nos documentos acreditativos do pagamento, que a tarifa sinalada non inclúe a cota do Imposto sobre o Valor Engadido que, de ser o caso, deba repercutirse sobre a dita tarifa. En consecuencia, o tipo de IVE aplicable, de ser o caso, e a cota resultante deberán consignarse expresa e separadamente.

Artigo 6. Establecemento e fixación.

1. A competencia para o establecemento, modificación e fixación da contía dos prezos públicos aos que se refire a presente ordenanza encoméndase á Xunta de Goberno Local, de conformidade coa facultade regulada no artigo 47.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e consonte ao disposto nos artigos 23.2.b), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, e 65.2.b), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2. O establecemento realizarase a proposta da alcaldía ou da concellería delegada que proceda, debendo constar, como mínimo:

a. O concreto servizo ou actividade de aplicación, os supostos de feito dos que derive a obriga de pago e as contraprestacións pecuniarias esixibles por cada acto ou feito concreto, así como os aspectos singulares que foran precisos.

b. Unha memoria económico-financeira da que se deduza que o importe do prezo público cubre, como mínimo, o custe do servizo ou actividade ou, de ser o caso, a porcentaxe do mesmo que será asumido con cargo aos orzamentos municipais, con indicación da existencia de crédito a nivel de partida orzamentaria.

c. O importe da tarifa a que ascende o prezo público que se estableza.

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*d. A xustificación razoada das razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que, de ser o caso, aconsellen a fixación dos prezos públicos por debaixo do custe do servizo.*

*e. Informe da Intervención da Corporación que analice a fundamentación do importe dos prezos que se propoña, o grao de cobertura financeira dos respectivos custes económicos e as previsións orzamentarias oportunas en casos de importes por debaixo do custe da actividade ou servizo.*

*e. As normas específicas de xestión.*

*f. Entrada en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, salvo que o acordo de fixación do prezo público o fixe nun momento posterior.*

*3. O acordo de establecemento e fixación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Muros.*

*Artigo 7. Procedemento de xestión.*

*1. Nos acordos de establecemento, modificación ou fixación de prezos públicos, ao determinar o réxime de xestión, poderase prever a súa esixencia en réxime de autoliquidación en modelo normalizado, debendo neste caso concretar o prazo de ingreso.*

*2. Os prezos públicos de vindicación periódica poderán esixirse mediante domiciliación bancaria na conta designada ao efecto polo obrigado ao pagamento, logo da publicación do padrón correspondente no taboleiro de anuncios do Concello de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Neste caso, a baixa no censo de obrigados ao pagamento deberá comunicarse ao Concello nos prazos que se fixen no acordo de establecemento ou modificación do prezo público.*

*3. Na exacción de prezos públicos, os recargos e xuros de mora esixiranse e determinaranse nos mesmos casos, forma e contía que na exacción de tributos locais.*

*4. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.*

*Artigo 8. Devolución de ingresos.*

*1. Unicamente procederá a devolución do importe total ou parcial do prezo público ingresado, segundo determinan os apartados seguintes, cando o servizo ou actividade non se preste ou desenvolva por causas non imputables ao interesado.*

*2. O importe da devolución será parcial e proporcional ao tempo, intensidade ou factor determinante do grao de realización da prestación, ou ben total cando non tivese nacido a obriga de pagamento. Nos casos de prezos públicos de vindicación periódica, o importe poderá prorratearse pos días, meses ou trimestres*

---

**Concello de Muros**

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

*naturais no momento de practicar a alta ou de producirse a baixa no servizo. En todo caso, o acordo de establecemento do prezo deberá indicar os motivos e procedemento de prorrateo.*

*3. En caso ningún procederase á devolución dos ingresos realizados cando a dita solicitude estea baseada na non asistencia do interesado por razóns alleas ao Concello de Muros. Tampouco procederá a devolución cando o obrigado ao pagamento non comunique ao Concello, de ser o caso, a baixa na actividade, servizo ou prestación, tomándose como data para a devolución á da presentación da dita comunicación.*

DISPOSICIÓN FINAIS

*Primeira. Para o non previsto na presente ordenanza estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, no Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e demais normativa que a complementa ou substitúa.*

*Segunda. A presente ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno municipal consonte ao disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entrará en vigor logo de publicarse o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo ao que refírense os artigos 70.2 e 65.2 do citado corpo legal, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”*

SEGUNDO. Someter dita ordenanza municipal á información pública e audiencia das persoas interesadas, coa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

TERCEIRO. De non se presentar reclamacións ou suxestións no prazo mencionado, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva da Ordenanza, tácito ou expreso, publicarase xunto co texto íntegro da mesma para o coñecemento xeral no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada.

**Cuarto. Acordar a declaración de especial interese ou utilidade municipal as obras para a rehabilitación integral do CEIP Ramón de Artaza y Malvárez.**

A Sra. alcaldesa presenta para o seu debate a seguinte proposta a declaración de especial interese ou utilidade municipal das obras para a rehabilitación integral do CEIP Ramón de Artaza y Malvárez:

“ANTECEDENTES

Á vista dos seguintes antecedentes:

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

- *Escrito de 13.04.2020 do secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, de solicitude de licenza de obras para a rehabilitación integral do CEIP Ramón de Artaza y Malvárez e bonificación do imposto de construcións, instalacións e obras e a taxa por licenza urbanística de acordo coa normativa do concello.*
- *Providencia da Alcaldía de data 13.05.2020.*
- *Informe conxunto de Secretaría e Tesourería de data 27.05.2020.*

*Realizada a tramitación legalmente establecida, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,*

ACORDO

*ÚNICO. Acordar a declaración de especial interese ou utilidade municipal das obras para a rehabilitación integral do CEIP Ramón de Artaza y Malvárez, solicitadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia con rexistro de entrada do 13.04.2020, por tratarse de obras promovidas polas administracións públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario.”*

A Sra. alcaldesa comeza indicando que a Consellería ten previsto a realización dunha obra importante no colexio CEIP Ramón de Artaza y Malvárez e solicita unha bonificación da taxa sobre outorgamento de licenza e outra do ICIO.

O documento elaborado pola Tesourería e Secretaría informa desfavorablemente á bonificación da taxa por non existir esa posibilidade na ordenanza reguladora e favorablemente á bonificación do ICIO ao tratarse dunha obra promovida por unha administración para a implantación de servizos públicos ou de interese comunitario, polo que require que o Pleno municipal declare a obra de especial interese porque existen actuacións de reforma e ampliación das instalacións para uso docente e de comedor e cren ademais que nas circunstancias actuais esta obra é máis necesaria ca nunca.

**PRIMEIRA INTERVENCIÓN**

A Sra. González non ten nada que comentar e está de acordo.

A Sra. Alfonso di que a solicitude de licenza é do 13 de abril e saíu en prensa a primeiros de maio, e o informe de Secretaría e Tesourería é do 27 de maio. Non viron o informe de Intervención, non saben se o hai, se se lles deu, e querían saber se é preciso. Queren saber por que non vén ao Pleno do mes pasado, porque o informe de Tesourería e Secretaría xa leva un mes feito. Foi introducida por urxencia na comisión informativa e non saben por que e formulámoslle dúbidas á posibilidade de bonificación que conleva a declaración da obra de interese comunitario, porque a ordenanza di que é posible a bonificación sempre e cando haxa unha implantación de servizos públicos ou de interese comunitario e queren saber cal é o servizo público que se implanta con esta obra. Tamén queren que esta bonificación, que supón que o Concello deixa de ingresar 11.620,34 € da Consellería de Educación, se repercute no propio colexio onde se vai facer a obra, se se bonifica.

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257





CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

A Sra. Lado entende a urxencia que conleva esta obra e todo o que se poida facer para axilizala e que se realice, van contar co noso apoio.

A Sra. alcaldesa di, o colexio é un servizo público? Cre que é unha evidencia tan grande que non necesita de ningunha aclaración e xa no informe xurídico di que hai xurisprudencia que avala esta declaración. É unha práctica habitual que xa se fixo neste Concello noutras ocasións e queren axilizar o tema todo o que poidan, e a hora de elaborar a orde do día e debido á carga de traballo que hai en Secretaría, cun secretario accidental, as eleccións e outras causas, quedou fóra, e por iso se meteu por urxencia.

### **SEGUNDA INTERVENCIÓN**

A Sra. González non ten nada que engadir

A Sra. Alfonso non dubida do interese das actividades que se fan no colexio, teñen clarísimo o interesante e o importante traballo que se fai nos centros educativos en xeral, pero queren saber cal é a implantación, porque nos parece que non se implanta nada, implantar é algo novo que non había antes, a obra o que fai e mellorar unhas instalacións que teñen falta diso, e parécelles xenial que se faga a obra e queren saber se se vai a implantar algo, pero non cuestionan a utilidade nin a necesidade da obra.

A Sra. Lago non ten nada que engadir.

A Sra. alcaldesa insiste que no proxecto de rehabilitación si que se fai implantación e ampliacións de instalacións de uso docente e de comedor, e nestes intres é moi importante que o comedor poida ter unhas dimensións adecuadas que poidan acoller á rapazada nas condicións do próximo curso.

### **VOTACIÓN**

Rematadas as intervencións e sometido o asunto á votación, o Pleno da corporación por unanimidade dos membros presentes, adopta o seguinte acordo:

ÚNICO. Acordar a declaración de especial interese ou utilidade municipal das obras para a rehabilitación integral do CEIP Ramón de Artaza y Malvárez, solicitadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia con rexistro de entrada do 13.04.2020, por tratarse de obras promovidas polas administracións públicas para a implantación de servizos públicos ou servizos de interese comunitario.

### **B. MOCIÓNS DE URXENCIA**

O PSOE presentou unha moción no día de onte para ser incluída por urxencia, pero prefire que en vez de presentala no Pleno por urxencia considera máis interesante deixala para o seguinte, e debatela na comisión informativa do próximo Pleno para que os grupos políticos poidan facer achegas a esta moción. Todos os partidos están de acordo en estudala e debatela na seguinte comisión informativa. Pregunta a Sra. González cando será o próximo Pleno. Contestándolle a alcaldesa que espera ter un Pleno extraordinario en canto se poida para traer a ordenanza da emerxencia social en agosto ou principios de setembro.

### **C. PARTE DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

**Quinto.- Dar conta para coñecemento das Resolucións da Alcaldía do núm. 696 do 19/06/2020 a 840 do 23/07/2020, e da Xunta de Goberno Local núm. 9 do 03/07/2020.**

O Pleno queda coñecedor.

**Sexto.- Rogos e preguntas.**

A alcaldesa di que vai contestar ás preguntas do último Pleno de febreiro e comeza por contestar ao grupo socialista que preguntou como está o pagamento das 25 sentenzas pendentes, pagáronse algunhas que xa tiñan orde de execución e o resto están traballando na elaboración dun plan de pagos para ir pagándoas a medida que se poida; preguntou polos orzamentos, é unha das cousas que tiñan pendente era esta ordenanza que se aprobou hoxe e traerana en canto poidan. Preguntou se eramos coñecedores do problema cos contedores no edificio de Calvelo en Louro, e si que son, faláron co señor Calvela e indicáronlle que están abertos a estudar alternativas, pero aínda non presentou novas propostas; preguntou pola Bandeira Azul, se non se pediu ou non nos dou tempo, e non se pediu porque ao terlla retirado ao Concello con anterioridade, tiñan moitas posibilidades de que a denegaran, porque se reservan o dereito de denegala ás praias que lla retiraran anteriormente, como foi o caso na anterior lexislatura.

A portavoz de CXG presentou unhas preguntas por escrito o día 24 de xuño pola tarde e pedíronlle desculpas por non contestalas no Pleno de xuño xa que ese día era festivo e non lle pasaron a tempo. Pedía copia das actas da mesa de negociación, as cales lle serán entregadas en canto se reincorpore a secretaria; preguntaba polo parque na escola infantil de Tal, e aínda están elaborando o estudo urbanístico da parcela; preguntou polos *chiringuitos*, solicitáronse 10, algúns renunciaron e outros están pendentes da autorización de Costas; preguntou polas partidas que van afectar ao PED, están analizando co servizo de Intervención, en relación ao préstamo do BBVA, teñen informe xurídico solicitado e actuarán en consecuencia en canto se valore, pero está a haber sentenzas favorables á clientela nos casos coma este; preguntaba se teñen que financiar o importe da contratación dun técnico de turismo da ARD e se ía vir a Muros, a financiación corre a cargo da Axencia de Turismo de Galicia e o punto de información é de carácter supra municipal, como vostede debería saber, xa que este punto de información supra municipal acordouse cando estaba Alcaldía. Pregunta se imos a contratar un técnico de turismo todo o ano, nestes intres hai catro técnicos e cando rematen o contrato valoraremos a posibilidade de ter algún máis todo o ano; pregunta polo control das colonias felinas e de cans, nestes intres están facendo control de colonias en varios lugares, presentou algún rogo e preguntou polos orzamentos, e xa contestou; preguntou se imos ter en conta o borrador das bases de execución e xa contestou noutras ocasións que si; preguntou se iamos pedir Bandeira Azul e xa contestou; preguntou pola obra do Petón, están á espera do rexistro, xa fixeron varios requirimentos pero aínda non contestaron; preguntou se os puntos de información turística estaban abertos, e están abertos. Preguntou pola nave de Plácido, e non sabe moi ben a que se refire, pero pola falta de dilixencia e desatención grave do anterior goberno dos asuntos do Concello pregúntase se hai algunha cuestión que quedara no caixón coma outras que lles están saíndo, porque atoparon desatendidos requirimentos de augas, Costas e xulgados, entre outros, por iso tamén lle pregunta se lle consta algunha cuestión pendente respecto desta nave; preguntou polo uso dos locais por parte das asociacións, teñen un protocolo do COVID aprobado e as asociacións van solicitando o uso dos locais a media que o precisan; preguntou polo Tres Portas, contestáronlle que o establecemento foi sancionado polo incumprimento do

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

horario e facilitouse á veciñanza e a vostede a documentación; preguntou polos socorristas e estes xa levan varias semanas traballando; preguntou polo CIM, o proceso retomouse unha vez que se reiniciaron os prazos; preguntou en que consistiron as modificacións das obras do POS, estas son correccións solicitadas pola Deputación que non afectan ao orzamento nin á actuación, como tantas veces pasou; preguntou polo decreto de por que non levantamos a suspensión de celebración dos plenos e por que non se celebraron plenos ordinarios, como xa informaron no Pleno pasado, isto foi por estar no estado de alarma, celebramos xunta de portavoces en maio e pleno extraordinario durante estes meses, vostede non preguntou por ningún asunto do Concello, limitándose a levantar o polgar cando esta Alcaldía lle enviaba documentación.

Presentou onte pola tarde una serie de preguntas: *“Remata xullo e as obras que a Consellería ía facer no colexio Ramón de Artaza y Malvárez non comezaron... e sábese cando vai a comezar e se hai algún problema na licenza de obra...”* o que ocorre coa licenza e que vostede desentendeu varios requirimentos que fixo Costas para regularizar a situación do edificio que ocupa e eses requirimentos non lle fixeron nin caso e agora teñen que solucionar estes problema bastante graves, entre outras para a ver se consiguen amañalo para poder executar a obra. Volve a preguntar pola nave de Plácido, se ten algún uso e se lle imos dar algún uso, pois limpouse e baleirouse, e o que se fixo foi impedir que particulares estivesen cobrando un aluguer a persoas que tiñan cousas alí, e que se facía baixo a súa Alcaldía.

Preguntaba pola adecuación de novos espazos de aparcamento, fixeron varios e de feito están tramitando un convenio para poder adecuar un destes espazos; coa COVID a xente demanda miradoiros, roterios, etc, e pregunta como están os roteiros da Laxe da Rodas e da Cova da Bruxa, están limpos e habilitados para visitar; preguntaba polo pregos do bar San Francisco en Louro xa que pasou máis dun ano dende que están no goberno e deixáronnos practicamente listos para informalos, e que aínda que os quixeran cambiar, tiñan traballo adiantado, pregunta se teñen pensado algo para este establecemento municipal? Contesta que o que atoparon feito respecto deste tema é unha providencia do 29 de xaneiro de 2019, onde pide que se emitan informes, pero non hai nada máis, o pregos actualmente están listos e preparados, pero ante a actual situación que hai no sector hostaleiro, consideran necesario revisar á baixa o canon que o técnico propón para ese local, porque lles parece un pouco elevado para a situación actual; preguntou polos *botellóns* e que medidas nos encomendou a Xunta? A Xunta non encomendou ningún control, prohibiu os *botellóns*, e pola súa parte tratan de evitar estas situacións que consideran que supoñen un risco sanitario serio, pola súa parte van a poñer gardas nocturnas nas fins de semana que poidan ser máis conflitivas e pediron á subdelegación do goberno colaboración entre a garda civil e a policía local; e para finalizar preguntou polas razóns por que abriron uns parques infantís e outros si, e contesta que se van abrindo os que teñen máis uso e o resto dentro das nosas posibilidades.

O grupo do BNG preguntou por que se adscribe o CIM e non o Concello á campaña da Deputación, pregunta se se refire ao concurso, o que se fixo dende o CIM foi darlle difusión a este concurso, que gañou Adibismur, aos cales felicitaron no seu día e volven a felicitar publicamente, tratamos de visibilizar os símbolo que apoian os colectivos LGBTI que, para o cal se colocou na ventá do Concello o logo e en calquera caso, o CIM é deste Concello e igual que a área de cultura en cuestión de cultura e a área de deportes en cuestión de deportes.

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

Preguntou pola execución das sentenzas do persoal, xa contestou. Preguntou se decidiron os traballadores o peche da piscina? Sorpréndelle que non saiba a quen lle corresponde tomar esa decisión, ademais de que o 12 de marzo informoulle que a vista do que estaba pasando ían a cancelar todas as actividades e pechar a piscina, pavillóns, biblioteca... e a súa resposta foi lóxica de grazas por informar. Creo que foi unha decisión acertada xa que dous días despois se decretou o estado de alarma en todo o país, aínda que o persoal municipal estivo prestando servizos todo ese tempo; preguntaba polo número de novos empadroamentos en marzo, abril e maio, que foron de 67 altas. Preguntaba polo protocolo COVID do persoal municipal, xa o explicaron noutras ocasións e recórdalle que todo o persoal recibiu formación a través da Mutua e recibiron comunicación de carácter interno e o material necesario; preguntou se temos un protocolo de apertura das praias, téñeno, e está enviado a Sanidade, teñen socorristas en San Francisco e en agosto van implantar o servizo de control de aparcamento no Ancoradoiro, San Francisco e Parameán; preguntaba polas conciliacións no verán, os campamentos estanse a desenvolver con normalidade cos protocolos existentes e cos ratios de alumnado por monitor, xa se fixeron dúas quendas e queda unha pendente. Preguntaba se hai un plan de comunicacións da rede sociais oficiais municipais, e contesta que non o teñen e tampouco tampouco recursos, ademais atopáronse con que a páxina de facebook do Concello estaba a nome dun particular de Noia. Pregunta se había un protocolo para instalacións municipais, si existe un protocolo que se está aplicando; preguntaba pola acreditación do acceso ao lugar de Bornalle e citaba o caso dunha persoa a que lle dixemos que levara o recibo do IBI, o acceso é para residentes censados e esa persoa particular non reúne eses requisitos, polo que non tería acceso aínda que conviva coa súa familia; preguntaba pola obra do galpón de Surribos, enviamos á policía e advertímoslle que non contaba con licenza, e polo que saben a obra paralizouse; preguntou por unha filtración nunhas vivendas na rúa do Carme, fixeron varios estudos para tratar de ver de onde veñen esas filtracións pero aínda non se determinaron as causas, e é posible que veñan da fonte que está pegada. Preguntou pola limpeza de parques e zonas recreativas, estanse limpando coa intensidade que lles permite os recursos que temos e o de traer ao Pleno a declaración de festa de interese turístico nacional das carrilanas xa a trouxeron.

Procédese a facer as preguntas para este Pleno:

A Sra. González comeza facendo un rogo respecto aos contedores de Louro, porque cando se dou a licenza dese edificio, esixiuse facer aparcamentos pegados ao mesmo e agora rogan que os contedores que están apegados á fachada se poñan enfronte, que hai un montículo que está apartado dos franciscanos e non molesta a ninguén. Queren saber cando lles van a pagar aos grupos, cando se acaba a obra do Curro da Praza porque agora a obra esta máis para a dentro, pero o camiión da empresa está no medio da praza; que se lle requira a Portos que arranxe ou saque as varandas que hai baixando á praia do Castelo, xa que están oxidadas e cortadas, co perigo que isto supón. Se se fixo algunha reunión con Espina y Delfin; como está o tema do cámping, se está cumprindo as condicións da adxudicación, porque parece ser que aparte da acampada agora dedícase ao aparcamento das caravanas e se paga o canon; queriamos saber se atoparon a licenza de Portos que o meu grupo preguntou infinidade de veces á anterior alcaldesa que dixo que a tiña que lla mandaran por Fax para a festa de San Pedro, sabemos que non existe, pero queremos a evidencia e a seguridade de que non existe no Concello.

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

A Sra. Alfonso contestándolle á pregunta da alcaldesa responde que ela saiba non hai ningunha sorpresa sobre a nave de Plácido, a pregunta era sobre o estado do edificio en si, pola necesidade de arranxo porque estivo valado e non se podía acceder a el. E do resto, todas as sorpresas que atopou non estaban escondidas en ningún sitio, e contestábase a todo que se podía contestar, e no caso do colexio Ramón de Artaza, chegou a solicitude de obra o 13 de abril, e están tramitando unha obra que tamén deixaron aprobada de saneamento no río Valdexería, e a raíz desa obra, debería haber notificacións sobre o que comenta vostede, por iso, que escondido non hai nada, diga o que diga vostede e a portavoz do grupo socialista. Comenta tamén que non preguntou nada nestes meses e non é verdade, preguntoulle dúas cousas e non lle contestou, polo tanto para que ía seguir preguntado.

A continuación a Sra. Alfonso realiza as preguntas ao Pleno. No tramo da estrada vella, no Salto, hai un electrodoméstico tirado e rogan que o retiren canto antes. Pregunta se está habendo algunha actuación musical na praza do concello e queren saber se as contratou o Concello ou os establecementos da zona; queren saber que actividades organizou o Concello para este verán marcado polo COVID-19, e se se van a cambiar as grandes festas por pequenas actividades, e se é así que se faga todo o que se poida para evitar o que aconteceu na festa de San Pedro que na charanga contratada polo Concello se xuntou un gran número de xente detrás dela sen distancia de seguridade e moitas persoas sen máscara. Queren saber se o Concello ten algunha queixa sobre o reparto de correos en Esteiro. Unha das actuacións da rede cultural da Deputación para o Concello de Muros é a das Tanxugueiras e queren saber onde, cando e o aforamento desta actuación que custa uns 10.000 €. Teñen constancia dun *botellón* en Louro que se fai no Caldeirón e se poden facer algo co trastorno que causa este *botellón* e queren saber en que empregou ou vai empregar os 40.000 da partida dos orzamentos da festa de San Pedro e os 20.000 de Muros Mira ao Mar.

A Sra. Lago comenta que non era un concurso de balcóns, senón unha campaña de liberdade e de sentir con diferentes actividades entre as que estaba o concurso de balcóns, e na mesma aparece os logos dos distintos concellos e no caso de Muros só aparece o logo do CIM de Muros e máis ningún destes concellos ten CIM. Nun pleno anterior preguntou a quen lle mercamos o gasóleo para os edificios públicos e vostede dixo que a provedores locais, pero revisando facturas vemos que non hai provedores de Muros. Pregunta a Sra. Lago a canto ascende a débeda do pagamento ao persoal municipal. Que pasa coas axudas a entidades deportivas e culturais. O Facebook do Concello informábanos dun caso de coronavirus no concello, porque neste si e noutras casos non se informou. Está o Concello arranxando os *baches* en Creo. Vaile tocar por fin a estrada de Canelas? Que levan anos rogando que se arranxe. Está instalada a fibra óptica na Abelleira e Torea e queren saber que empresa a vai xestionar. Houbo permiso portuario para celebrar a misa do Carme (interrompe a alcaldesa para dicir que lle ten que preguntar a quen a organiza), pide o roce da corredoira dos Cebolais que forma parte do Camiño Inglés, sobre todo agora que este acceso é usado para baixar andando á praia de Bornalle. Piden que se limpe o parque da Robaleira. Rogan que se sinalice a prohibición de cans na praia de Bornalle, xa que hai xente que segue baixando os cans por non coñecer a normativa. Rogan que se limpen de maleza as beirarrúas do concello, a matrona do centro de saúde está de baixa ou só vén unha persoa unha vez á semana? Queren saber os medios persoais cos que conta o Concello durante a fin de semana. Como vai a RPT, hai algunha negociación a maiores? A veciñanza de Cabanas quéixanse de que teñen problemas coa circulación dos vehículos que baixan a bastante velocidade, polo que rogan que se instalen uns *badéns* na baixada para reducir a velocidade.

---

Concello de Muros

Curro da Praza, 1, Muros. 15250 A Coruña. Tel.: 981 826 050. Fax.: 981 762 257



CONCELLO DE MUROS  
(A CORUÑA)

A alcaldesa di que as preguntas se contestarán no próximo Pleno e sen máis asuntos que tratar a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, de todo o que eu como secretario accidental, dou fe.

O secretario accidental.

Documento asinado electronicamente